



NOVA CAMPAÑA "MICROCHIP PARA ANIMAIS DE COMPAÑÍA" O 17 DE FEBREIRO DE 11 A 14 NA CASA DO CONCELLO

■ Ante o éxito da campaña "Microchips para animais de compañía" do pasado mes de xaneiro e ante a imposibilidade de dar o servizo a todas as persoas anotadas, poñemos a disposición do público unha nova xornada para a colocación de microchips a animais de compañía.

- **Día:** 17 de febreiro.
- **Hora:** De 11:00 a 14:00 h. (establecendo reserva horaria no momento da inscrición).
- **Inscricións** no 981 814 691 ata o 15 de febreiro. (O aforo será limitado).

O prezo dos servizos veterinarios será de 26 € e 46 € para os cans potencialmente perigosos (neste prezo están incluídos os 20 € do certificado sanitario obrigatorio).

50 NOVOS COLECTORES EN VEDRA

■ O Concello de Vedra segue apostando pola reciclaxe e faino coa colocación de máis de 50 colectores nas diferentes parroquias.



FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28				

AXENDA PARA O MES DE FEBREIRO

- **XXIII Xornadas Arredor da Camelia** cunha amplísima programación que inclúe en febreiro:
- **VIII Ruta Cicloturística en BTT** da Camelia polo Val do Ulla o **domingo 4 de febreiro**.
- **O 18º Concurso de Pintura Infantil da Camelia**.
- **XXIII Xornada Arredor da Camelia**.
- **Aberta nova campaña de "Composteiros"** a partir do **15 de febreiro**.
- **Nova campaña "Microchip para animais de compañía"** o **17 de febreiro**.
- **Xornada informativa do Plan Emprego "Cruz Roja"** o **20 de febreiro**.

AXENDA DE ENTROIDOS

- O 10 de febreiro: **Entroido Municipal**.
- O 17 de febreiro: **Entroido en San Xián**.
- O 18 de febreiro: **Entroido en Trobe**.
- O 3 de marzo: **Entroido en Vilanova**.

AXENDA ASOCIATIVA PARA FEBREIRO

- **IV Maratón de Montaña "A Camelia"** do Club de Montaña Vértice, o **domingo 4 de febreiro**.
- **Campionato Galego de Duatlón** co Club Olímpico de Vedra, o **sábado 17 de febreiro**.



Proxección infantil da película "Nocturna" da Asociación Senunpeso.



Concerto de Reis da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.



Obradoiros de creación artística na decoración de nadal.



A III Carreira Nocturna Solidaria, con preto de 500 participantes e na que a solidariedade volveu a ser a protagonista con:

- A recollida de preto dos 300 kilos de produtos non perecedoiros.
- A recadación de 508 € nas inscricións das categorías adultas da carreira.
- A doazón dos 156 € recadados no Mercadiño Solidario organizado polo colectivo do Centro Social da Terceira Idade.



Gañadoras do III Concurso de Tarxetas de Nadal Concello de Vedra.



Ludo Nadal.

XXIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ A Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla en colaboración co concello de Vedra organizan as XXIII Xornadas Arredor da Camelia, que este ano lucirán co seu máximo esplendor o día 25 de febreiro na contorna do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.

Estas xornadas enchen de contidos culturais e turísticos os meses de febreiro e marzo con actividades como as mostras, a ruta Btt da Camelia, roteiros... un gran escaparate de contidos sobre a camelia do que podemos adiantar:

18º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Haberá 3 categorías:

- A: de 3 a 6 anos.
- B: de 7 a 9 anos.
- C: de 10 a 12 anos.

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina rixida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será "A Camelia".

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, rotulacións, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse na Casa do Concello antes do **16 de febreiro de 2018**, no seguinte enderezo:

Concello de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer na semana previa ás Xornadas arredor da camelia e publicárase na paxina web do concello www.concello-devedra.com.

8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

9º Todos os traballos presentados a concurso serán expostos en Santa Cruz de Ribadulla o día 25 de febreiro con motivo das Xornadas arredor da camelia.

10º A entrega de premios aos gañadores e gañadoras terá lugar en Santa Cruz de Ribadulla o día 25 de febreiro.

11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integramente as bases deste concurso.

12º A organización reservase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.

As bases do concurso están colgadas na páxina web do concello www.concellovedra.com e na páxina do facebook www.facebook.com/concellovedra

4 de febreiro

Pavillón Municipal de Deportes.

VIII RUTA CICLOTURÍSTICA EN BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

Deportistas e afeccionados ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta btt que se celebra arredor da programación da camelia e percorrer as paraxes vedresas ao tempo que practican o seu deporte favorito.

VIII Ruta Btt
cicloturística en
da **Camelia** polo Val do Ulla

4 de febreiro de 2018
VEDRA

Dificultade: media
Ruta non competitiva
(42 Km aprox.)
Itinerario alternativo corto
(26 Km aprox.)

Saída e chegada:
Pavillón polideportivo de Vedra
Hora saída: 9:30 h

Límite de prazas: 350
Inscripción: 10 €
Recollida de dorsais
a partir das 8:00 am

Inscripcións ata o 31 de xaneiro ou ata cubrir prazas en bttcamelia.galitim.com

A inscrición dá dereito a avituallamentos (líquidos e sólidos), agasalho, pincho de confraternidade e seguros

Logos: Concello de Vedra, Deportes da Coruña, Ramsa, Ulla & L, FERRASCO, Concello de Ribadulla, Coca-Cola, and a red shield logo.

Continúa na páxina 4

O percorrido acadará os 40 quilómetros, é cualificado de dificultade media. Partirá do Pavillón Municipal de Vedra ás 09.30 h da mañá e estará aberto a todos os públicos.

Día 25 de febreiro XXIII XORNADA ARREDOR DA CAMELIA

Outro ano máis imos celebrar a nosa gran festa a carón do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, escenario único e inigualable no mundo da camelia e da botánica en xeral.

Dentro da xornada contaremos coas seguintes mostras:

- **Traballo ornamental con camelia:** elaborado polas asociacións e parroquias do concello. Contando coa orixinalidade dos nosos participantes creárase un colorido escaparate que terá como único protagonista a camelia, este ano, igual que o anterior realizaremos un gran traballo conxunto entre todos/as que seguro que vos sorprenderá.
- **Mostra de flor:** todas as persoas participantes contarán cun espazo para decorar coas súas camelias. Poderán participar todas as persoas interesadas na camelia, profesionais ou afeccionadas sempre que se inscriban antes das 14:00 horas do día anterior a inauguración.

2018
XXIII XORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA

25 de febreiro de 2018
a partir das 12:45h. no contorno do
Pazo de Santa Cruz de Ribadulla
• Vedra •

• Mostra da Flor •
• Mostra de ornamentación con camelia •

máis información en: www.concellodevedra.com ou no teléfono 981 814 691

- **18º Concurso de Pintura Infantil**, mostra de todos os traballos que os nenos e nenas de Vedra e arredores presentaron ao concurso.

PROGRAMA:

- **9:00 -12:00 h.** Preparación das exposicións.
- **11:00 h.** Visita "teatralizada" ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla con **Andaravía Teatro** (Inscripción previa).
- **12:45 h.** Inauguración da xornada por **Dña. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**.
- **13:15 h.** Entrega de premios e agasallos de participación para as mostras de Flor e Ornamentación con Camelia.
- **13:30 h.** Coro Habaneras "Rocha Forte".
- **14:00 h.** Viño Galego.
- **16:30 h.** Visita "teatralizada" ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla con **Andaravía Teatro** (Inscripción previa).
- **17:00 h.** Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- **18:00 h.** Entrega de premios do 18º Concurso de debuxo infantil da camelia
- **18:30 h.** Trío Refugallo: Ritmo refugallo, espectáculo de clown e música.
- **20:00 h.** Clausura e peche das mostras.

25 de febreiro

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

VISITAS "TEATRALIZADAS" AO PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA COA COMPAÑÍA ANDARAVÍA TEATRO

VISITAS TEATRALIZADAS
ao PAZO de SANTA
CRUZ de RIBADULLA
coa compañía
ANDARAVÍA TEATRO

2018
XXIII XORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA

25 de febreiro
Dúas quendas: ás 11:00 h. e ás 16:30 h.

Prezo: 5 euros.
Przas limitadas.
Imprescindible inscrición previa.

As przas adxudicanse por orde de inscrición do día 12 ao 19 de febreiro ou ata esgotarse.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691

Propoñemos unha experiencia distinta, tanto se coñeces o pazo, como se é a túa primeira visita, vivirás un evento diferente e exclusivo. Da man da compañía Andaravía Teatro descubriremos os recantos máis destacados, vivindo a historia e a paisaxe deste monumento dunha maneira máis lúdica.

Contaremos coas seguintes quendas de visita:

- 25 de febreiro ás 11:00 h.
- 25 de febreiro ás 16:30 h.

Prezo: 5 euros.

Prazas limitadas. Imprescindible inscrición previa.

As prazas adxudícanse por orde de inscrición do día **12 ao 19 de febreiro** ou ata esgotarse.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981814691

10 de marzo

VISITA AO PAZO DE MARIÑÁN

Pola mañá visitaremos o Pazo de Mariñán no municipio de Bergondo. Este é un pazo do século XVIII, monumento histórico-artístico con xardín francés e camelias situado a carón do río Mandeo, é un dos pazos que conforman a "Ruta da Camelia".



Pola tarde visitaremos o centro histórico de Betanzos e ao Parque do Pasatempo que conta cunha zona máis antiga e outra de recente construción que alberga estanques, zonas verdes, gruta subterránea, ...

Prezo: 25 euros (inclúe transporte, entradas e comida).
Prazas limitadas. Imprescindible inscrición previa.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 46 91.

15 de marzo

Centro de Formación Municipal, na Casa da Estación INICIÁNDONOS NO TÉ.

Charla - cata impartida por Carmen Salinero, presidenta da "Sociedad Española de la Camelia" sobre os fundamentos da elaboración deste prezado produto orixinado da camelia con cata e degustación das diferentes variedades.

Hora: 18:00 h.

Actividade gratuíta.

Prazas limitadas. Imprescindible inscrición previa.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981814691.



CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS EN VEDRA

■ Lembra que o departamento de Cultura de Vedra convocará subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra.

Asique todos os colectivos culturais moita atención a esta convocatoria para presentar os vosos proxectos.



ENTROIDOS NO CONCELLO DE VEDRA

...ENTROIDO MUNICIPAL EN VEDRA
O SÁBADO 10 DE FEBREIRO

■ O concello de Vedra propón unha alternativa diferente para a tarde do Sábado de Entroido.

- **Día:** 10 de febreiro
 - **Lugar:** entorno do Centro Socio – Cultural de Vedra.
 - **Horario:** a partir das 17:00 h.
- Haberá desfile e concurso de disfraces!!**

Cos seguintes premios nas diferentes categorías:

- Para os menores de 10 anos un agasallo a cada participante.
- Na categoría disfrace individual:
 - Agasallo para o mellor disfrace de entre 10 e os 16 anos.
 - Agasallo para o mellor disfrace de máis de 16 anos.
- Na categoría disfraces en parella:
 - Agasallo para a mellor parella disfrazada de entre 10 e os 16 anos.
 - Agasallo para a mellor parella disfrazada de máis de 16 anos.
 - Agasallo para a mellor parella disfrazada (persoa adulta e menor).

2018
do 28 de xaneiro
ao 3 de marzo

Entroido rural tradicional
Carnaval rural tradicional
Traditional rural carnival

Xenerais da Ulla
Festa Declarada de Interese Turístico de Galicia

Vedra
17 de febreiro
18 de febreiro
3 de marzo

SAN XIÁN DE SALES
TROBE
VILANOVA

www.xeneraisdulla.com

- Na categoría disfrace en grupo:
 - 1º e 2º Premio de 50 €, para cada grupo gañador.
- Na categoría de comparsas:
 - 1º e 2º Premio de 100 €, para cada unha das dúas comparsas gañadoras.
- Na categoría de "parrandas" cantadeiras:
 - 1º e 2º Premio de 100 €, para cada unha das dúas "parrandas" gañadoras.
- Na categoría de carrozas:
 - 1º e 2º Premio de 100 €, para cada unha das dúas carrozas gañadoras.

NON TE PERDAS O NOSO ENTROIDO!!... A MÚSICA, A ANIMACIÓN E A DIVERSIÓN ESTÁ GARANTIDA!!

...EN SAN XIÁN • O 17 DE FEBREIRO

Programa:

- Ás 11:00 h. saída do campo da festa da comitiva carnavalesca. Percorreráse a parroquia coma todos os anos con carrozas, coro de bonito, coro de vellos, correos e xenerais, e todas aquelas persoas que queiran participar.
- Ás 19:00 h. chegada o campo da festa, donde terán lugar os "ATRANQUES".
- A continuación e para rematar o día, actuación do Dúo Phantom.

...EN TROBE • O 18 DE FEBREIRO

- Percorrido por toda a parroquia.
- Xantar no Local Multiusos.
- Ás 19:00 h. Atranques dos Xenerais da Ulla no campo da festa.

...EN VILANOVA • O 3 DE MARZO

■ Dende as 10:00 da mañá a "Comitiva carnavalesca" percorrerá a parroquia. O xenerais da Ulla, virán acompañados de "parrandas" de vellos e nenos, das carrozas, dos enmascarados e sobre todo de moita alegría e troula. Percorrerán as aldeas da parroquia, para chegar sobre as 19:00 h. da tarde ao campo da festa de Picón. Alí terán a actuación do gran humorista FARRUCO para darlle a benvinda aos presentes, contar uns contos e botar unhas risas. Seguidamente: Atranques dos xenerais. E para rematar actuación do dúo PACHI e MONTSE que nos farán bailar coa súa música.

Convidámosvos a que veñades disfrazados/as, haberá premios e sorteos!!

SENDEIRISMO

■ Puntual chega a cita mensual do grupo de sendeirismo cunha nova etapa.

- **Data:** 17 de febreiro.
- **Percorrido:** Caldas de Reis - Escravitude.

Horarios e puntos de recollida do autobús: Atención o horario retrasa media hora en cada parada!!

- Saída de Mosqueiro ás 8:00 h.
- Parada en Lestedo ás 8:10 h.
- Parada no Breixo ás 8:15 h.
- Parada en Hipercor ás 8:25 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8.30 h.

Se queres participar na actividade chama antes do 15 de febreiro ao 981 814 691 e reserva a túa praza.



Formación e Emprego

XORNADA INFORMATIVA PLAN EMPREGO “CRUZ ROJA”

■ “Cruz Roja Española” en colaboración co Concello de Vedra, levará a cabo unha “Xornada Informativa Plan Empleo de Cruz Roja”, para desempregados, na que presentará os proxectos de emprego dirixidos a persoas desempregadas e empresas, presentación de resultados de 2017, experiencias co Plan de Emprego “Verde Vedra” e recollida de CV e solicitudes de inscrición.

Esta Xornada desenvolverase o 20 de febreiro de 2018 na Aula Cemit do Concello de Vedra de 10:00 a 13:00 h.

As persoas interesadas en participar nesta xornada poderán inscribirse nos seguintes teléfonos:

- **Cruz Roja:** Cecilia 981 586 969 ext. 38709
- **Concello de Vedra:** Cruz 669 450 801

Medio Ambiente

PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DO CONCELLO DE VEDRA

■ O concello de Vedra volve a lanzar o Programa de Compostaxe Doméstica que tan boa acollida tivo en edicións anteriores.

Se non participaches nas campañas anteriores e estás interesado en facer compost na túa casa podes solicitar un composteiro chamando ao telefono 981814691 a partir do día **15 de febreiro. Contamos con un número limitado,**

polo que a reserva farase por orde de inscrición.

O compost xerado por nos mesmos é un fertilizante natural con excelentes propiedades para o solo e as plantas e ademais contribúe a:

1. Reducir o volume de residuos producidos.
2. Minimizar o uso excesivo de fertilizantes químicos.

3. Reducir a frecuencia de recollida dos colectores xenéricos por parte dos servizos municipais, e así reducir o custo da recollida de lixo.



LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ Concello de Vedra continúa coa **Loita contra a Vespa Velutina** organizando charlas informativas sobre a problemática social desta especie e talleres sobre a fabricación de trampas caseiras en cada unha das 12 parroquias do Concello e nos distintos centros escolares coa intención de implicar á veciñanza na loita contra esta especie invasora que está a causar graves prexuízos en moitos sectores produtivos na nosa comarca.

CHARLAS INFORMATIVAS NO CONCELLO DE VEDRA ÁS 20:30 HORAS EN:

- 14 Febreiro - Local social de PONTE ULLA
- 15 Febreiro - Multiusos de SAN MAMEDE
- 16 Febreiro - Casa da cultura de SANTA CRUZ DE RIVADULLA
- 16 Febreiro - Casa da cultura de SAN MIGUEL DE SARANDÓN
- 19 Febreiro - Local social de Picón en SAN PEDRO DE VILANOVA
- 20 Febreiro - Local social de MERÍN
- 21 Febreiro - Casa da fábrica en TROBE
- 22 Febreiro - Local social de SAN PEDRO DE SARANDÓN
- 23 Febreiro - Centro da terceira idade de VEDRA
- 23 Febreiro - Local da As. de veciños de SAN XIÁN DE SALES
- 26 Febreiro - Local social da escola de SAN FINS DE SALES
- 27 Febreiro - Local social da escola de ILLOBRE



CONTROL DA VESPA VELUTINA "VESPA ASIÁTICA"




PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE A VESPA VELUTINA

CONSTRUCCIÓN DE TRAMPAS ARTESANAIS PARA CAPTURA DE VESPA VELUTINA

- 1 As trampas constrúense empregando botellas de plástico de 1,5 ou 2 litros. Nos laterais realízanse buratos pequenos de 5 mm de diámetro para que poidan saír insectos distintos da avés. No tapón realízase un burato de 7 mm para que poida entrar a avés.
- 2 Córtese a parte superior da botella.
- 3 Bótase unha mestura de atraente na botella que será renovado cada 7-15 días. Tamén existen varios produtos comerciais específicos no mercado. Algúns inclúen repelentes para abellas, resultando así máis selectivas.

Pásase un arame, que pode servir ademais para suxeitar unha cuberta ou tapa da trampa (impedindo que entre auga de choiva) e para colgala. A trampa debe colocarse a unha altura de 1,5 metros aproximadamente.

Colócase a parte cortada cara abaixo, a xeito de embude.



Atraente para as trampas

- Cervexa negra (unha lata)
- 1 vaso de viño branco
- 1 culler de xarope ou zume de arandos
- Azucre
- Se se dispón, cera de abella e avés asiáticas capturadas



As avés quedan atrapadas no interior da botella, incapaces de saír, ata morrer

É conveniente engadir un pequeno peso no fondo da trampa para darlle estabilidade fronte ao vento

VEDRA MEDRA

*San Matías coas súas artes fai
caer o Entroido en martes*

■ Aínda que é ben certo canto di o refrán co que empezamos a sección, este 2018 o Entroido cae en martes si, pero en martes e 13.

Dende **Vedra medra** ímoslle chiscar así e todo o ollo a esta celebración tan fortemente asentada na zona ullá como xa fixemos o curso pasado.

E mentres que as comitivas de xenerais e correos non



chegan cos seus atranques e altos a estas terras, nós seguimos traballando na aula a toponimia relacionada coas vías de paso, iso que os investigadores chamamos odotoponimia.

Os camiños, especialmente cando son relevantes, convértense en referentes que dan pé á creación de nomes propios. Vedra non é unha excepción pois aquí atopamos *A Quenlla*, *A Quenlliña*, *A Carreira*, *As Carrileiras*, *A Corredoira*, *A Calle* ou *O Camiño Francés*.

Un dos grandes coñecedores dos camiños e das pegadas xacobeas que neles quedaron impresas é Fernando Cabeza Quiles que nos visita o 30 de xaneiro.

Fernando foi mestre e é autor, entre outros, dos volumes *Toponimia de Galicia* (2008) ou *A Toponimia celta de Galicia* (2014) e dos artigos "As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I e II)" ou "O cabalo nas peregrinacións a Compostela".

Coa súa axuda iremos enchendo de materiais e sabenzas o proxecto no que estamos inmersos Vedra medra co feitizo do Camiño.

Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ De interese...

Para unha mellor difusión dos programas de actividades trimestrais da terceira idade, informamos que todas as persoas interesadas poden tamén obtelo nos seguintes lugares:



• **No concello** de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

• **No centro social da terceira idade** de martes a domingos de 18:00 a 22:00 h.

■ Actividades:

■ Escola de Saúde: "A artrose".

Xoves 8 de febreiro ás 20:00 h no Centro Social. Impartida por Rogelio Lema.

■ Baile de Entroido.

Sábado 10 de febreiro a partir das 17:00 h. no Centro Social.

■ Bingo.

Xoves 15 de febreiro ás 20:00 h. no Centro Social.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz e visita a un lugar de interese

Luns 19 de febreiro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e pola tarde visita a un lugar de interese. (O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o sábado 3 de febreiro no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por orde de inscrición).

■ Tamén se están a realizar ensaios para a preparación dunha obra de teatro.



IMSERSO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2018

■ Un ano mais preséntase este programa para a terceira idade. **Requisitos para participar:**

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viudedade do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do Sistema da Seguridade Social, con 60 anos ou máis.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos ou máis.

Tamén é necesario:

- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por sí mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

Servizos que ofrece:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.

LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para meternos de cheo no Entroido e gozar del. Así mesmo comezaremos a viaxar polo Mundo e descubrir distintos países, a súa cultura e as súas xentes; a educación en valores, unha oportunidade para transformar a sociedade. Con esta intención, presentamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogo de rol no Entroido
- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos : “o profesor chifrado”
- “Mr. Manitas”: Máscaras Venecianas, construción de Pirámede , globoflexia
- Obradoiro musical, Móvete e baila: Exipto
- Patrulla ambiental: reciclaxe de papel, papiro
- Supercchef.

Os días de entroido non lectivos a Ludoteca abrirá de 8:30 a 14:30 h. Para calquera información poñerse en contacto no 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas gratuitamente.
- Póliza colectiva de seguro.

Balnearios galegos concertados:

Baños Vello	Lobios
Río Pambre-2	Dávila
Molgas-1	Illa da Toxa
Laías	Termas Romanas
Acuña-2	Arnoia
Termas de Cuntis	Carballiño
Santiago de Compostela	Acuña-1
Augas Santas	Caldelas de Tui
Molgas-2	Baños de Brea

Para asistir ás quendas de SETEMBRO a DECEMBRO, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 9 de maio de 2018.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do Concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14:00 horas.

VEDRA, EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos menores de 3 anos do concello de Vedra. Trátase de traballar coas familias tentando:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do ámbito familiar como elementos educativos.
- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

O desenvolvemento do programa realizarase durante o curso 2017-2018 a través de actividades eminentemente prácticas que se desenvolverán en distintas sesións. **ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR!** Para participar e máis información no 699 041 486 ou no enderezo electrónico: carmen.sabio@concellodevedra.com

IV MARATÓN DE MONTAÑA “A CAMELIA” DO CLUB DE MONTAÑA VÉRTICE O DOMINGO 4 DE FEBREIRO

■ Lembra que o Club de Montaña Vértice, fundado neste concello hai xa un ano, organiza a IV Maratón de Montaña “A Camelia”. Con tres posibilidades para participar:

- Maratón: 46 km.
- Trail: 13 km.
- Andaina: 13 km.

Destacar que este ano a Maratón será a primeira proba do Circuito Galego de Carreiras por Montaña.

Anímate a coñecer os nosos montes.

Máis información no facebook da proba:
www.facebook.com/maratonmontan.camelia

CAMPIONATO GALEGO DE DUATLÓN - OLÍMPICO DE VEDRA

■ Día: 17 de febreiro.
Lugar: Entorno do pavillón municipal.

O Club Olímpico de Vedra xa ten todo listo para a apertura de inscricións para o campionato galego de duatlón contrareloxo.

A proba que será a xornada inaugural da recentemente creada Superliga BeOne, constará de 5 competicións: 2 de duatlón (Duatlón de Vedra e Duatlón de San-

tiago), 2 de triatlón (Triatlón de Vilagarcía e Trishark de Narón) e a gran final de Acuatlón que será en Cedeira.


Toda a información sobre inscricións, normativas e circuitos da nosa proba e tamén sobre as normativas e premios da Superliga BeOne:

<http://www.olimpicodevedra.org/duatlon-contrareloxo-equipos>



ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ A Asociación Cultural Papaventos está inmersa nos preparativos de TEATROFILIA 2018 e vén de seleccionar a obra gañadora do XIII Concurso de Carteis para atopar a imaxe da Mostra de Teatro.



Amador de Vedra, que este ano celebrará a súa 15ª edición. Nesta ocasión, resultou gañador este deseño presentado por Teresa Saco Burgos, de Alcalá de Henares (Madrid), que recibirá un premio de 250 euros. A gañadora do accésit infantil foi Claudia Dorelle Alvela, de 8 anos e natural de San Miguel de Sarandón (Vedra), coa

obra titulada “A maxia do teatro”. Ademais, queremos anunciarvos que TEATROFILIA 2018 xa ten datas. A Mostra celebrarase os primeiros catro fins de semana de marzo (2, 3, 4, 9, 10, 11, 16, 17, 18, 23 e 24 de marzo). Moi pronto daremos a coñecer toda a programación desta edición, que coincidirá ademais coa celebración do 30º

Aniversario da Asociación Cultural Papaventos.

Podedes seguir todas as novidades a través da súa páxina de Facebook: www.facebook.com/acpapaventos/



Festas do San Blas 3 e 4 de febreiro

3 de febreiro: Verbena a cargo do dúo "Pachi e Montse" e do grupo "Atracción Mar da Vila". Haberá pulpeiro e moita diversión.

4 de febreiro: Sesión vermú coa actuación da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, acompañada da Escola de Ulteira. Haberá pulpeiro.

Festa da Cacheira en San Pedro de Vilanova 10 de febreiro

A comisión de festexos de San Pedro de Vilanova, organiza coma cada ano, un xantar arredor do Entroido co **Cocido Tradicional** como protagonista.

- **Data:** Sábado 10 de febreiro
- **Lugar:** Campo da festa
- **Prezo:** 20 € por persoa

Nesta ocasión despois do xantar haberá moitas sorpresas!!

Festa de Entroido en Vedra 17 de Febreiro

A comisión de festexos Santa Baia de Vedra propón por segundo ano consecutivo este cocido .

- **Data:** Sábado 17 de febreiro
- **Prezo:** 20 € por persoa
- **Inscripcións no teléfono:** 633 359 009

Cea - Baile de Entroido en San Miguel de Sarandón 17 de febreiro

A Asociación Cultural San Campio organiza na Casa da cultura de San Miguel a súa tradicional cea-baile de Entroido.

- **Data:** 17 de febreiro a partires das 21:30 h.
- **Menú:** cocido, filloas, café,...
- **Prezo socios/as:** 12 €
- **Prezo non socios:** 15 €
- **Prezomenores de 10 anos:** 5 €

- **Reservas nos teléfonos:** 678 826 516 ou 658 202 253 antes do día 15 de febreiro.

Haberá premios aos mellores disfraces!! ...E moita diversión co Dúo Matices.

PEQUENOS... GRANDES XESTOS

■ No concello de Vedra veñen de rematar as obras de recuperación, restauración, adecuación e limpeza de 2 puntos de vertedoiros incontrolados en Ponte Ulla e San Xián. Accións incluídas dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2.014 - 2.020 para contribuír á conservación do medio ambiente e o patrimonio natural.

...Entre todos e todas acabaremos cos vertedoiros incontrolados!!



Parabéns

AO CEIP ORTIGUEIRA

■ Polo seu 2º premio no certame VINDEVÍDEOS, convocado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.O cal podedes ollar no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=kz-PQNoU2Ag>



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.